

**ACONDICIONAMENTO DA AC-406.
TREITO: LTM VAL DO DUBRA - AC-444**

CLAVE: AC/22/023.02

1. Obxecto da Actuación

O obxecto do proxecto é o acondicionamento da estrada AC-406 entre os puntos quilométricos (P.Q.) 18+477 ao 21+925 (eixe novo) nos concellos da Baña e Val do Dubra (A Coruña), mellorando substancialmente as condicións de seguridade viaria e incrementando a comodidade por parte dos usuarios.

2. Plan de Estradas

A estrada AC-406 Rede Estructurante de Estradas Convencionais da Xunta de Galicia.

3. Descrición da Actuación

As actuacións consisten:

- Mellora do trazado da AC-406, dende P.Q. 18+477 ao 21+925 (eixe novo).
- Adecuación do sistema de drenaxe existente ao novo trazado.
- Definición dos elementos de sinalización, balizamento, defensas e obras complementarias.

4. Características técnicas

Trazado:

Para a deseño das actuacións, emprégase o eixe da estrada AC-406 e defínense un total de 3 eixes de replanteo para os treitos proxectados, os cales se corresponden coa liña de beiravía existente da estrada:

- Treito AC-406, entre os P.Q. 18+477-22+183 (eixe actual)/21+925 (eixe novo): mellórase o trazado nese treito en pro dunha maior seguridade e confort para a totalidade dos usuarios.
- Acceso, P.Q. 20+000 (32,60 m): supón a conexión do novo eixe da AC-406 coa estrada existente, no P.Q. 20+195 (eixe actual) / 19+990 (eixe novo), aproximadamente, co obxecto de manter os accesos a predios estremeros dende o novo trazado.
- Camiño de servizo, P.Q. 20+000 (158,20 m): ao igual que o eixe anterior, para poder acceder a fincas estreiras dende a AC-406.

Firmes e pavimentos:

- Tronco: 6 cm MBQ (mestura bituminosa en quente) tipo AC-22 surf BC 50/70 + betume mellorado de caucho + 10 cm MBQ tipo AC 22 bin BC 50/70 D + betume mellorado con caucho + 40 cm saburra artificial ZA 0/20 + 75 cm terreo seleccionado.
- Camiño de servizo: dobre tratamento superficial + 25 cm saburra artificial ZA 0/20.
- Acceso ao antigo trazado: 5 cm MBQ tipo AC 16 surf BC 50/70 D + betume mellorado con caucho + 25 cm saburra artificial ZA 0/20.
- Entradas de vehículos e acceso a fincas e camiños que lindan coa AC-406: firme de formigón en masa HM-20 + tubo salvagabias que dea continuidade a gabia da plataforma.

Drenaxe lonxitudinal:

- Gabia de seguridade (5:1/1:1) de 1,20 m de ancho e 0,20 m de profundidade.
- Gabia trapezoidal en zona de coroación de desmonte e en zona de pé de terraplén.
- Bordos de coroación e baixantes, tanto en desmonte como terraplén.
- Prolongación e substitución das ODTs existentes, incluso incorporando algunhas adicionais.

Sinalización, balizamento e defensas:

- Definición de marcas ou liñas viarias acordes coa modificación do novo trazado.
- Retirada de sinalización vertical existente e instalación da nova sinalización vertical.
- Retirada de barreira metálica simple existente e colocación da nova nos treitos nos que sexa necesaria.

5. Unidades principais de obra

Despexe e desbroce mecánico en terreo sen clasificar	58.797,17 m2
Demolición por medios mecánicos de firme bituminoso	6.003,52 m3
Desmonte ou escavación en terreo sen clasificar	69.763,84 m3
Terraplén ou recheo todo-un con terreos de escavación	24.183,00 m3
Terraplén con terreos procedentes de préstamos	34.764,10 m3
Saburra artificial ZA-0/20	16.141,74 m3
Emulsión asfáltica C60B3 TER	19,48 tn
Emulsión asfáltica C50BF4 IMP	60,38 tn
MBQ AC 22 surf 50/70 D	5.702,10 tn
MBQ AC 22 bin 50/70 S	9.543,51 tn
Betume mellorado con caucho BC 50/70	707,73 tn
Acondicionamento de rasante en accesos	350,00 m2
Gabia triangular de 1,20 m, noiro: 5/1 e h=0,10 m	3.740,00 m
Gabia trapezoidal de 0,90/0,60 m e h=0,30 m	3.023,00 m
Tubo de PVC Ø300 mm SN-4	361,80 m
Tubo de PVC Ø500 mm SN-4	169,10 m
Tubo de PVC Ø630 mm SN-4	237,40 m
Tubo de PVC Ø710 mm SN-4	77,50 m
Arqueta de formigón in situ HA-25 de 120x120 cm	31,00 ud
Barreira de seguridade metálica N2, W5, A	440,20 m

6. Poboación Servida

A Baña	3.332 hab.	Val do Dubra	3.761 hab
--------	------------	--------------	-----------

TOTAL: 7.093 habitantes.

7. Concellos Afectados

A Baña e Val do Dubra.

8. Expropiacións

Parcelas afectadas: 109. A superficie de expropiación é de 60.408 m² (45.688 m² en A Baña e 14.720 m² en Val do Dubra)

Expropiacións de terrenos: 337.011,46 €.

Premio de afección: 16.850,57 €.

Total expropiacións e bens afectados: 353.862,03 €.

9. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de DOCE (12) meses.

10. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE): 4.003.127,66 €.

Orzamento Expropiacións e Bens afectados 353.862,03 €

Orzamento para coñecemento da administración: 4.356.989,69 €.

11. Orzamento por Concello

Concello	Lonxitude do treito	PBL c/IVA	%
A Baña	2.395 m	1.222.555,19 €	30,54 %
Val do Dubra	1.053 m	2.780.572,47 €	69,46 %

PLANO DE SITUACIÓN



SECCIÓNS

